

# A bolsa ou a vida

## O 99 % contra a emerxencia climática

---

Salvador Lladó

Prólogo de Manuel Casal Lodeiro

Tradución de Patricia Buxán Outeiro

# A bolsa ou a vida

## O 99 % contra a emerxencia climática

Salvador Lladó

Prólogo de Manuel Casal Lodeiro

Tradución de Patricia Buxán Outeiro

9	Prólogo á edición galega
	Introdución
15	Este non é un libro máis sobre o cambio climático
	Capítulo 1
19	A imposibilidade de crecer eternamente
	Capítulo 2
39	Emerxencia climática
	Capítulo 3
59	Transición enerxética e adaptación ao cambio climático
	Capítulo 4
81	Políticas verdes: realidade ou ficción?
	Capítulo 5
101	Os movementos sociais e o futuro anhelado
	Epílogo
117	Coronavirus e emerxencia climática
127	Lecturas recomendadas

INTRODUCCIÓN

Este non é un  
libro máis sobre o  
cambio climático

Unha nova crise económica, no contexto dun capitalismo tocado de morte, poríanos perante unha encrucillada civilizatoria, a última oportunidade de incidir realmente para frear a emerxencia climática e que non se dispare por riba de límites insospeitados. Necesitamos estar preparados e, para estalo, precisamos información que prenda en nós a chama da loita definitiva, da loita climática. Parece que a nosa mocidade o entendeu á perfección e as accións de desobediencia civil pacífica dos novos movementos sociais polo clima inundaron os medios de comunicación durante os últimos meses.

No entanto, non todo é un camiño de rosas cando falamos de comunicación relacionada coa emerxencia climática. Os medios dirixidos a grupos moi amplos de poboación teñen tendencia a esquecer o contexto das noticias, a xerar titulares sensacionalistas, a non contrastar información e a non afondar nas problemáticas. De feito, seguro que puidestes ler moito máis sobre se a Greta Thunberg lle doe ou non a barriga, ou sobre as dúas formas máis probables como chegará a apocalipse climática ca sobre por que é tan difícil frear a crise ecolóxica na que estamos inmersos, nun planeta gobernado polo capitalismo global.

Por outra banda, durante os últimos anos tamén aumentou exponencialmente a produción de ensaios sobre o cambio climático, os límites do crecemento económico ou a teoría política ecoloxista, todo cun contido moito máis fidedigno. Iso si: para entendedelos, cómpre matricularse nun curso de posgrao.

*A bolsa ou a vida* xorde da necesidade de pór ao alcance de todo o mundo este coñecemento que, ás veces, semella recluído nun mosteiro. Se cada vez que entrades na rede para consultar os diarios dixitais ou conectades o televisor e falan sobre cambio climático quedades con dúbidas, estades no sitio correcto. Nas páxinas seguintes, de forma concisa

e amena, relacionaremos a necesidade obscena de medrar que teñen as economías actuais, así como a dependencia dos combustibles fósiles, co contexto de emerxencia climática. Este libro mestura un conxunto de ideas e datos que se foron tomando ao longo de moitos anos de lectura de libros e artigos científicos e xornalísticos sobre o cambio climático e a transición enerxética, así como interpretacións e avaliacións propias, tanto do coñecemento acumulado pola ciencia nas últimas décadas coma das políticas propostas ou aplicadas para combater a emerxencia climática na que nos atopamos.

Comezaremos falando dos combustibles fósiles, da relación que teñen coa evolución do capitalismo e dos límites do seu uso. Seguiremos cunha explicación divulgativa sobre o cambio climático e sobre como chegamos até aquí, así como sobre os seus impactos futuros, e achegarei os datos máis actuais, todo isto fuxindo do sensacionalismo climático que habedes relacionar facilmente con personaxes como Al Gore ou Leonardo DiCaprio, aos que lles encanta facer documentais nos que eles son máis protagonistas ca o cambio climático.

Unha vez trazado o contexto, pasaremos aos retos da transición cara a economías sustentadas unicamente por enerxías renovables. A seguir, exploraremos as diferentes formas que existen para afrontar esta transición necesaria a nivel político e socioeconómico, e avaliaremos os seus defectos e virtudes. Finalmente, contemplaremos a imaxe dun posible futuro baseado nos conceptos de xustiza ambiental e social, e debullaremos as mudanzas que consideramos necesarias para crear un contexto novo onde se substitúa o mantra do crecemento económico ilimitado polo do benestar social e da biodiversidade do planeta.

A intención final do libro non é botar un responso nin facer unha listaxe enorme das cousas que facemos mal a título individual, senón dar ferramentas que faciliten a comprensión do que pasa ao noso redor de xeito que cadaquén forme a súa propia opinión. Se, así que leades a última frase, non ides correndo mercar latas de atún para cando chegue a apocalipse, creo que será unha boa noticia.

## CAPÍTULO 1

# A impossibilidade de crescer eternamente

Non hai nada que creza eternamente; a materia que hai na Terra é finita, non hai máis, fi-ni-ta. Este axioma debe ficar enquistado no noso cerebelo até o final do libro. Daquela, por que a economía dun planeta pequeno dun sistema solar pequeno debería ter dereito a crebar as leis da física? Así, a simple vista, non ten sentido, non vos parece? Neste capítulo, falaremos das lóxicas e necesidades materiais do capitalismo até chegarmos a coñecer os límites que atopa na súa procura do crecemento infinito. Prométovos que, a partir dese momento, as promesas dos nosos políticos sobre crecemento económico comezarán a parecervos unha parvada de niveis estratosféricos. No entanto, antes de chegarmos a ese punto, comezarei falándovos sobre como o sistema nos fai cómplices do seu fetichismo pola expansión descontrolada.

## A adicción á comodidade: unha cuestión de clase

Merco moitos libros que non lerei nunca. Comparto Netflix, que me dá acceso a millóns de contidos audiovisuais que tampouco verei nunca. Comparto coche para ir ao traballo para aforrarme dúas horas de transporte público ao día. Collo avións por riba das miñas posibilidades. Cando hai cola na chacinaría, marcho ás agachadas e collo xamón cocido envasado en plástico. Vós tamén o facedes; non me miredes así. Son perfectamente consciente de que a miña vida é, en conxunto, un malgasto continuo de enerxía e materiais. Son adicto a este modelo de consumo.

Agora ben, todo o mundo consome coma min, un membro prominente da clase media privilexiada? Pertenzo realmente a esta clase social? Ultimamente, quedo pampo cada vez que oio que as persoas que cobran 90 000 euros ao ano son clase media. Sono? Suscítame dúbidas. Non



tentarei aquí definir a clase media; é un traballo demasiado complicado. Porén, si paga a pena que paremos a pensar en quen tira beneficio da subdivisión entre clase media e clase baixa, e por que non se adoita empregar un concepto unificador como *clase traballadora*.

No noso imaxinario de películas ianquis, a clase media moderna está representada polo típico oficinista de sexo masculino, branco, de mediana idade, cunha casa nas aforas, dous coches e unha familia que ten os dentes moi brancos. E, para nós, en Cataluña, un exemplo de clase media estereotipada pode ser o mozo catalán de pais *progres* que estuda na Pompeu Fabra de Barcelona, que polas tardes sae de cañas polas terrazas de Gràcia, que vai ao antikaaraoke da sala Apolo e que come en restaurantes veganos. En resumo, diríase que as clases medias, de non existir unha sociedade totalmente orientada a consumir, quedarían ao momento sen obxectivos vitais e vagarían polas rúas coma ánimas en pena.

Para explicar o nacemento das sociedades de consumo sempre se pon o exemplo de Henry Ford, e eu non vou ser menos. Henry Ford, un señor visionario, decidiu fabricar un coche que puidesen mercar os operarios que traballaban para el. A partir da Segunda Guerra Mundial, comezouse a inventar, deseñar e producir en masa calquera cousa que se nos puidese vender coa promesa de facernos a vida máis cómoda, non unicamente coches. Acababa de nacer unha nova fase dentro do capitalismo, e as sociedades de consumo de masas estaban preparadas para arrasar con todo.

Con todo, se o analizamos un chisco máis en profundidade, resultaranos moi doado ver que todo isto ten truco. Chamalas *sociedades de consumo* permítelles ás elites económicas sacar o foco de onde realmente importa. Se pomos o foco no consumo, non o pomos na produción. O consumo insán de bens e servizos non é máis ca a consecuencia directa dunha produción insá. Este comportamento do capitalismo agravouse a partir da vitoria sen paliativos, durante os anos 1980, da doutrina neoliberal e, posteriormente, da globalización. Co neoliberalismo, o capital busca absurdamente desvincularse dos límites materiais e enerxéticos que marca a física e avanza na extensión do seu modelo social baseado

no individualismo, o consumismo, o descrédito daquilo que é público e colectivo, e a mercantilización do conxunto da sociedade. Este feito, sumado ao colapso da Unión Soviética e á conversión do comunismo chinés nunha cousa rara aberta ao mercado, permitiu a transformación do capitalismo industrial nun capitalismo global.

Se falades con persoas que agora teñan entre 70 e 80 anos, poderán explicarnos moi ben como se produciron estas transformacións graduais do capitalismo. En Cataluña, nos anos 1940 ou 1950, a xente ía en bicicleta ou a pé ao traballo, ao colexio ou onde fose preciso e era habitual que se fabricasen na casa cousas tan sinxelas como, por exemplo, unha pastilla de xabón. De forma progresiva, o contexto foi mudando e podían mercarse nas tendas pastillas de xabón a un prezo abondo interesante como para non ter que investir tempo e esforzo en facelo; á bicicleta podíasele pór un motorciño; despois, xa se podía mercar unha moto e, nun abrir e pechar de ollos, a industria automobilística controlaba o mundo e tiñamos máis marcas de deterxentes nos supermercados ca pezas dentais.

A droga da comodidade comezou a ir rillando o noso cerebro de simio evolucionado. As clases medias actuais destacan por un gusto execrable polas comodidades: deséxanas, venas nas elites e quérenas, quémolas. Queremos todo tipo de electrodomésticos para poder dedicar menos tempo aos labores que máis aburridos nos resultan ou para estar máis conectados, cando, en realidade, nos fan perder tempo de calidade para socializar, facer deporte ou realizar actividades creativas que nos afasten da ansiedade diaria. Queremos ir ao traballo, á praia ou á neve da forma máis rápida e cómoda posible, cando, en realidade, estamos atrapados nos millóns de atoamentos de tráfico que se producen en todo o mundo. Queremos ter calquera produto que nos apeteza en 24 horas na casa, sen cuestionar a explotación ambiental e social que hai detrás deste modelo. Con todo, cómpre que teñamos clara unha cousa: a droga da comodidade subministraa alguén, non nos cae do ceo.

Por tanto, as persoas que satisfacemos as nosas necesidades básicas e aínda temos capacidade de aforro para mercar cousas que non

precisamos somos unha mera ferramenta do sistema. Utilízanos para poder sustentar un nivel de produción infernal que beneficia, en termos económicos, unha porcentaxe moi baixa da poboación.

Que lles manteñamos o choio sen queixarnos é un dos grandes logros acadados polo capitalismo durante o século pasado. A capacidade de consumo da clase media vai intimamente ligada á perda da sensación de explotación. Como podo mercar cousas, non son unha persoa explotada: as explotadas son a clase baixa e eu non pertenzo a ela. A nivel práctico, esta percepción individual é moi importante. Se podes cumprir cos estándares de consumo impostos socialmente, daquela es clase media. En cambio, se non podes consumir ao nivel que che marca a publicidade da televisión, daquela es escoura social e mereces morrer e ir ao inferno dos pobres, o Burger King. A diferenza da clase media, a clase baixa é considerada unha masa de xente que ten unha renda que, ou ben non lle permite vivir por riba do límite da pobreza, ou ben fai que estea en risco permanente. No novo marco mental que as clases medias mercan a diario, vai incluída a idea de que a loita polos dereitos sociais e ambientais lles corresponde ás persoas realmente marxinas. As clases medias teñen que concentrarse naquilo que é importante: mercar e procurar as portas dun ascensor social avariado.

Porén, a realidade é moi testana se sabes onde procurala e dispós de tempo para facelo. Segundo datos de 2018, o 20 % das familias do Estado español consideradas clase media recoñecían que tiñan problemas para cubrir as necesidades básicas.<sup>1</sup> Cando se reduce a sensación de explotación, reducimos automaticamente a necesidade dunha parte moi importante da poboación (falo sempre de sociedades occidentais) de rebelarse contra un sistema que non consideran opresor, senón provedor de pracer.

Durante moitos anos, relacionouse a clase baixa co concepto de clase obreira. Coa evolución do capitalismo (de capitalismo industrial a capitalismo global), o concepto de clase obreira foi quedando desfasado nos países occidentais. Por unha banda, o traballo directo nas fábricas foise

---

<sup>1</sup> Mestres Domènech, Josep (2019). «Radiografía de la clase media» [dossier]. *Informe mensual* 437. CaixaBank Research.

reducindo (para deslocalizalo a países do Sur Global con man de obra máis barata); por outra, durante boa parte da segunda metade do século xx, a dignidade das condicións das persoas traballadoras foi aumentando progresivamente, non sen loita. Iso significou que as ciencias sociais comezasen a chamalas asalariadas de clase media e que elas tamén o cresen.

A partir do século XXI, todo isto volve derrubarse e as desigualdades aumentan de forma exponencial. As clases medias minguan e as clases baixas e altas aumentan, especialmente despois do crac de 2008. A partir desta data, o capitalismo volve amosarnos a súa cara máis crúa. Non é un sistema preparado para brindar un estado de benestar para todo o mundo. En realidade, é un sistema preparado para que uns poucos acumulen riqueza por conta do traballo —pago por debaixo do valor real— doutros.

Se queredes que vos diga a verdade, co concepto clásico de loita de clases entendíase todo moito mellor. Hai unha clase que controla os medios de produción (á que agora moitos movementos sociais denominan *o 1 %*) e unha clase que non os controla e que lle vende a súa forza de traballo (*o 99 %*). Este 1 %, para maximizar beneficios, comeza a producir e vender droga ao 99 %. Dentro do 99 % hai diferentes capacidades de compra desta droga en función da renda. Máis doado, non?

Por desgraza, impúxose o discurso da división entre clase media e baixa. O desprestixio total e a perda do orgullo de clase fainos chegar a un punto en que se dilúe a loita de clases e os grandes capitalistas imponen a súa vontade por todas partes, cun custo de protesta moi baixo. O 99 % está dividido e alienado.

Mais isto non era un libro sobre cambio climático? Así é. Agora, devólvovos a pregunta. De que está feita a droga esta que chamamos *comodidade*? De petróleo puro, puro vicio.

## O petróleo: a base da nosa dieta

Imaxinades como sería a nosa vida sen petróleo? Se vos detedes un intre a pensalo, até vos dará algún que outro arreguizo. Se erguedes a

vista do libro por un intre, veredes que case todo o que tendes ao voso redor precisa petróleo para a súa fabricación e para envialo ás vosas casas. O plástico procede directamente do petróleo e a maior parte da mobilidade de persoas e mercadorías das nosas sociedades require combustibles que proceden da refinación do petróleo. Debido ao ritmo de vida actual, semella quedar moi lonxe aquela época na que este líquido viscoso non era omnipresente, mais, en realidade, o seu consumo disparouse a partir da segunda metade do século xx. O petróleo forma parte do que se denominan *combustibles fósiles* e, canda o carbón e o gas natural, constitúen a troica da enerxía non-renovable. A súa orixe está na descomposición parcial de materia orgánica a temperatura e presión elevadas durante millóns de anos. Non, non son dinosauros: son máis ben residuos de microorganismos, algas e plantas. O seu elevado poder calorífico convérteos en fontes de enerxía térmica. O seu uso como fonte de enerxía e materiais permitiu o crecemento económico e demográfico exponencial que o mundo viviu durante os últimos dous séculos. Lamentablemente, a súa combustión tráxonos consecuencias moito peores do que se podía pensar nun principio.

O triunfo destes combustibles baséase na súa altísima taxa de retorno enerxético (TRE). Este concepto parece difícil de entender, pero, en realidade, é máis sinxelo do que parece. Se tomamos como exemplo un barril de petróleo, a súa TRE é o resultado de dividir o valor da enerxía que se obtén ao utilizar o barril entre o valor da enerxía que se precisou para obtelo. Tanto o petróleo coma o carbón e o gas natural teñen valores de TRE moito máis altos ca a fonte de enerxía maioritaria que se empregaba antes: a madeira. Por desgraza, tamén ca as fontes renovables, como a enerxía solar e a eólica.

Cando falamos de fontes de enerxía, é importante termos presente que, para extraelas, tamén investimos un mundo de enerxía. Por exemplo, tanto a extracción mineira coma a construción de pozos petrolíferos ou o refinamento do cru do petróleo para obter produtos derivados como a gasolina teñen un custo enerxético moi elevado. Esta información adoita ocultárenos no discurso para que fagamos mal os cálculos.

Este feito queda moi patente no caso da enerxía nuclear, sobre a que oímos até fartar que non produce emisións. En cambio, nunca se contabiliza de forma pública o custo enerxético da extracción do uranio, a construción das centrais ou o tratamento dos residuos.

Se facemos unha pequena contextualización histórica, debemos comezar polo carbón, que foi a base da primeira Revolución Industrial. A súa capacidade calorífica, unida ao desenvolvemento tecnolóxico das máquinas de vapor, provocou un cambio de paradigma para as civilizacións humanas. Este progreso aplicouse á práctica totalidade dos procesos industriais mecanizables: o transporte, a calefacción e as cociñas domésticas.

Un dos exemplos históricos que se empregan para explicar a introdución do carbón na industria é o do téxtil. Cara á segunda década do século XIX, as máquinas de fiar e tecer da industria inglesa do algodón aínda eran impulsadas por muíños de auga. Só uns anos despois, xa se xeneralizara a queima do carbón para xerar o vapor de auga que permitía o uso das máquinas. Porén, se pensamos que esta transición enerxética só foi causada pola invención da máquina de vapor uns anos antes, enganámonos ben. A gran vantaxe que tiña o carbón era o fácil que resultaba transportalo. Como mínimo, de forma intuitiva, semella moito máis doado levar un carro cheo de carbón dunha mina até Manchester ca cambiar un río de sitio.

A introdución do petróleo impulsou aínda máis este proceso e, de feito, nela baseouse a segunda Revolución Industrial. O petróleo non se descubriu daquela: xa se utilizaba antes como queroseno para alumear e como lubricante. En cambio, os inventos do motor de combustión interna na década de 1880 e do avión en 1903 crearon un novo mercado moi atractivo. A comezos do século XX, os exércitos imperiais xeraron enormes demandas de gasolina. O negocio da guerra sempre lles foi moi ben ás petroleiras. A partir dos anos 1920, comezou a venda a grande escala de coches e, a partir dos 1930, a invención de fibras sintéticas e as primeiras producións en masa de plásticos e produtos químicos derivados do petróleo.

A consecuencia disto, o petróleo converteuse no piar da economía globalizada. A súa extracción, transformación, venda e consumo afectan á nosa vida diaria até puntos inimaxinables. Tanto o seu potencial enerxético coma os seus derivados —practicamente infinitos— producidos pola industria petroquímica (en especial, os plásticos) son a base enerxética e material da nosa sociedade e do capitalismo global. Un dos mellores exemplos de concentración e centralización do capital son os grandes monstros empresariais da industria petroleira.

Cando sentides falar do crecemento económico coma se fose mérito do capitalismo ou dalgún ministro de economía moi pero que moi intelixente, pensade que iso non é de todo certo. En realidade, o mérito é dos combustibles fósiles. Desde 1970 até agora, o produto interior bruto (PIB) mundial triplicouse. Sabedes que se triplicou tamén? Xusto: o consumo de enerxía,<sup>2</sup> a maioría dela derivada dos combustibles fósiles. Coa multiplicación do consumo enerxético multiplicáronse as prospeccións de petróleo e gas, multiplicáronse os pozos, multiplicáronse as refinarias e multiplicáronse os residuos e os contaminantes.

No entanto, durante moito tempo, se criticabas con palabras e datos este modelo de crecemento, ías contra o progreso. O progreso que nos aprenderon na escola vai ligado ao desenvolvemento técnico e á extracción ilimitada dos recursos naturais, tanto enerxéticos coma materiais, coa finalidade de que as economías medren o máximo posible. Mais quen pode estar en contra do progreso? Só un tolo antisistema que teña malas intencións e que seguramente é seguidor de ritos satánicos podería cuestionar estes grandes avances. Pode ser que o problema radique na escala de valores que empregamos para medir este progreso. O progreso científico e tecnolóxico, que tantas innovacións positivas nos deu en áreas de coñecemento como a medicina, as comunicacións ou a biotecnoloxía, perde impacto social e ambiental se non somos quen de distribuílo de forma xusta. Para poder medir o progreso científico e tecnolóxico en termos que non fosen exclusivamente economicistas,

---

<sup>2</sup> Ahmed, Nafeez (2017). *Failing States, Collapsing Systems. BioPhysical Triggers of Political Violence*. Springer.

EPÍLOGO

# Coronavirus e emergencia climática



Quen nos ía dicir, a mediados de febreiro do 2020, cando a primeira edición en catalá d'*A bolsa ou a vida* chegaba ás librarías, que ao cabo de só un mes estaríamos todos nun confinamento e que o SARS-CoV-2, aquel virus do que nos chegaban novas da China, se convertería nunha pandemia de proporcións inimaxinables? Eu, se vos digo a verdade, uns días antes de que todo petase era deses que pensaban que a covid-19 sería como unha gripe común ou un arrefriado moi forte, e que os paquetes de medidas máis estritas non serían necesarios. Non fun quen de entender que o drama non sería a mortalidade asociada á gran virulencia deste novo coronavirus, senón a mortalidade como consecuencia da saturación do sistema sanitario público. Por veces, máis me valía calar a boquiña. Agora, mirándoo con perspectiva, seguro que mellor nos iría se comezásemos cos confinamentos masivos antes. Pero, ben, non escribo este epílogo para falar de epidemioloxía nin das medidas dos gobernos mundiais contra a pandemia, como beber lixivia, xabón para o lavalouzas ou ácido clorhídrico. Se o fixese, converteríame nun tertuliano calquera e non é en absoluto a miña intención. Sento unha vez máis perante o ordenador para falarvos da relación intrínseca entre a pandemia causada polo SARS-CoV-2 e a emerxencia climática, o tema principal do libro.

## O coronavirus: crónica dunha pandemia anunciada

Nunha investigación publicada no ano 2007<sup>33</sup> por científicos de Hong Kong, onde apareceu o gromo da síndrome respiratoria aguda grave (en inglés, SARS) de 2003 producida polo virus SARS-CoV (un

<sup>33</sup> Cheng, Vicent C. *et al.* (2007). «Severe accurate respiratory syndrome coronavirus as an agent of emerging and re-emerging infection». *Clinical Microbiology Reviews* 20, 660-694.

tipo de coronavirus), sinalábase que a presenza en reservas animais de zonas tropicais do sueste asiático de coronavirus semellantes era unha bomba de relojaría. Parece ser que a capacidade do ser humano para subestimar os avisos da ciencia non ten límites.

Antes de 2003, só se coñecían doce coronavirus humanos ou animais. A explosión da primeira pandemia de SARS, a alta mortalidade, a súa reaparición transitoria un ano despois e as perturbacións económicas que causou provocaron unha investigación intensa dos aspectos epidemiolóxicos, clínicos, patolóxicos, inmunolóxicos e virolóxicos básicos do virus e a doenza. Isto permitiu o desenvolvemento de probas diagnósticas, modelos animais, antivirais, vacinas e medidas epidemiolóxicas e de control da infección moi útiles en caso de que o virus volveuse xerar un gromo. Iso si: xa se sabía que algunhas das medidas como, por exemplo, as vacinas, non funcionarían se o que aparece non fose o mesmo virus, senón un parente máis ou menos afastado. Esta serie de investigacións tamén constatou que algunhas especies de morcegos do sur da China son un depósito natural de diferentes tipos de coronavirus. Por tanto, as conclusións de todos estes traballos científicos confirman a importancia de prever a exposición humana a esta biodiversidade salvaxe e de adoptar medidas de bioseguridade nas granxas e mercados ao aire libre. Estes centros, clave na cadea alimentaria, poden acabar sendo fonte e, á vez, centro de amplificación de infeccións emerxentes, como supostamente sucedeu na cidade chinesa de Wuhan a finais de 2019. Deixarei para a pescuda individual de quen me lea e lle agraden as historias para non durmir as teorías da conspiración sobre as posibles orixes do SARS-CoV-2 nos laboratorios de Wuhan que estudaban coronavirus en morcegos.

Sexa cal fose o morcego que transferiu este virus pandémico aos seres humanos, o que todos estes feitos poñen de manifesto é que o extractivismo das nosas sociedades, encargado de destruír ecosistemas vírxes, o crecemento exponencial dos núcleos urbanos e a extrema facilidade para viaxar dunha punta a outra do planeta nun mundo globalizado expóñenos cada vez máis a virus descoñecidos. Por tanto, parece bastante claro que os mesmos motivos que, como vimos ao longo do libro, son clave

no desenvolvemento do cambio climático, tamén aumentan o risco de pandemias. Mais non é só iso: as fortes desigualdades a nivel socioeconómico que xa existían antes, pero que a crise de 2008 fixo aumentar exponencialmente, volven amosarnos, non só que non todo o mundo é igual ante a emerxencia climática, senón que tampouco somos iguais ante a emerxencia sanitaria global máis grave desde que comezou o século XXI.

Isto non é algo argallado por min: até o Foro Económico Mundial se fixo eco.<sup>34</sup> No seu artigo, analizou até que punto é importante comprender as relacións entre os pacientes e o virus de forma holística, e non só a través dun diagnóstico médico. E que vén dicir con isto a xentía do Foro Económico Mundial? Pois quere dicir, por exemplo, que se viu que as persoas con doenzas previas, como obesidade, problemas do corazón, enfermidades respiratorias ou diabetes, son máis propensas a padecer casos graves ou mortais de covid-19. Se quedásemos aquí, non aplicaríamos a mirada holística, así que imos seguir tirando do fío.

O ambiente no que vivía a ou o paciente antes de contraer a doenza é un factor clave na súa saúde. O acceso desigual á vivenda fai que as persoas con menos recursos económicos sexan máis vulnerables á contaminación das cidades, como Barcelona ou Madrid, ou máis propensas a problemas respiratorios e doenzas coronarias. Lembremos que a contaminación provoca milleiros de mortos ao ano nas sociedades occidentais. Ao mesmo tempo, en xeral, as persoas con menos recursos teñen menos acceso a unha alimentación saudable, polo que corren máis risco de sufrir doenzas como a obesidade ou a diabetes. Ademais, adoitan vivir en barrios con moita máis densidade de poboación ca as zonas de maior benestar, un feito que aumenta o risco de contaxio, e ter empregos que non admiten o teletraballo, o que aumenta aínda máis o risco de infección. Como podedes ver, hai xente que ten máis papeletas ca outra na ruleta rusa do SARS-CoV-2.

En definitiva, creamos sociedades que alteran gravemente os ecosistemas planetarios a causa da obsesión polo crecemento infinito, que

---

<sup>34</sup> Oni, Tolu (2020). *COVID-19 is showing us the link between human and planetary health*. World Economic Forum. Dispoñible en [www.weforum.org](http://www.weforum.org).

augmentan a vulnerabilidade a doenzas e facilitan a súa transmisión debido á globalización extrema, e nas que moitas persoas non poden adoptar as precaucións nin acceder aos coidados necesarios, especialmente naqueles países nos que a sanidade pública non é máis ca un soño de socialistas do demo como Bernie Sanders. Por tanto, a conexión entre a emerxencia climática e a covid-19, así como outras posibles pandemias futuras relacionadas con virus ou bacterias resistentes, é máis ca evidente: ambas son síntomas dun sistema que superou demasiados límites de golpe, como xa apuntabamos no primeiro capítulo do libro. Con todo, esperade a que vos explique que está a pasar co petróleo, que entón si que quedaredes pampas de todo.

## Impórtache gardarme un barril de petróleo uns cantos días?

Por máis que se saiba que o actual sistema económico superou todos os límites posibles e que, se non cambiamos de rumbo de vez, as probabilidades de colapso social e ecolóxico a curto e medio prazo son moi altas, ter diante dos ollos o afundimento mete medo. Hai momentos en que mete aínda máis medo ca as pandemias que o propio sistema facilita.

Ao longo do libro remarquei a imposibilidade de medrar de forma infinita nun mundo finito, e falabamos dos perigos, tanto ecolóxicos coma económicos, de depender de forma tan clara dunha fonte de enerxía contaminante e en declive como é o petróleo. De forma totalmente inesperada, para todo o mundo agás para o equipo científico de Hong Kong do capítulo anterior, a pandemia provocada polo SARS-CoV-2 acelerou a problemática que se levaba cociñando a lume lento desde facía décadas. Un confinamento masivo da poboación mundial fai caer en picado a demanda de petróleo e bota por terra o seu valor de mercado. Para que teñades unha referencia sobre isto: nos momentos máis duros da anterior crise, o consumo de petróleo baixou menos dun 5 %, mentres que nos Estados Unidos, en abril de 2020, o consumo de petróleo caeu un 30 %.

## A bolsa ou a vida

Se o petróleo fose un batido de chocolate, xa estaríamos sorbendo e facendo ruídos raros. A transición cara ás renovables preséntasenos como a alternativa, pero é tal alternativa se a vía escollida nos aboca a seguirmos sendo no noso día a día peóns dunha partida de xadrez que enfronta o capitalismo contra toda forma de vida do planeta?

N' *A bolsa ou a vida*, Salvador Lladó presenta dunha forma clara, didáctica e amena diferentes perspectivas da actual crise ecolóxica: desde a causa central (a necesidade imperiosa de medrar do noso sistema económico), pasando polo seu principal síntoma (a emerxencia climática, posta ademais aquí en relación coa pandemia da covid-19), até unha serie de propostas políticas (ecosocialismo, Green New Deal, decrecemento...) que nacen da necesidade de lle pór freo a un ritmo de produción e destrución da natureza sen precedentes. Estas páxinas servirán para demostrar que ese freo é posible: velaquí un paquete de medidas para dicir non á bolsa e un si rotundo á vida.



[www.catroventos.gal](http://www.catroventos.gal)



PVP: 17,00 €

ISBN 978-84-122499-6-5



9 788412 249965

